



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Conforme as Bases da convocatoria para a cobertura mediante concurso-oposición de 1 praza de administrativo/a do concello de Guntín a xornada completa e de duración determinada de data 13-12-2020, e o seu decreto de aprobación de data 15-12-2020 de número 2020-0280 foi publicada a lista definitiva de admitidos e excluídos dos aspirantes, o nomeamento do tribunal e a data, hora e lugar das probas (**DÍA 29 DE XANERIO AS 10:00 HORAS**)

Dada a situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia e para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 a Xunta de Galicia ditou o Decreto 8/2021 de 26 de xaneiro con limitacións e excepcións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais:

- Quedan restrinxidas a entrada e saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia considerados individualmente e como excepción a realización de exames ou probas oficiais inaprazables e as limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados,

E dado que as probas para a cobertura a praza de administrativo de duración determinada **non ten a consideración de inaprazable** e a reunión de 20 persoas para levar a cabo dito procedemento con dificultades para garantir a seguridade e saúde dos participantes, e polo que,

RESOLVO:

1.- Aprazar a realización das probas para a cobertura mediante concurso oposición de unha praza de administrativo/a do Concello de Guntín ata que se considere oportuno, segundo vaia evolucionando a pandemia, que se ditará unha nova Resolución sinalando as novas datas das probas.

Guntín, na data da sinatura electrónica.

A Alcaldesa,  
María José Gómez Rodríguez

Documento asinado electronicamente

